



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional Manuel Quiroga
Avenida JUAN CARLOS I 4 Pontevedra
CP 36004 Pontevedra
Tfno. 886151545, Fax 886151552
cmus.pontevedra@edu.xunta.es

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de Óboe

Curso 2018/19

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

Índice

1. Introducción.....	7
2. Metodoloxía.....	7
3. Atención á diversidade.....	12
4. Temas transversais.....	13
4.1 Educación en valores.....	13
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	14
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	14
6. Secuenciación do curso (por cursos).....	14
Curso: 1º G.E.	14
6.1 Obxectivos.....	14
6.2 Contidos.....	15
6.3 Avaliación.....	16
6.3.1 Criterios de avaliación.....	17
6.3.2 Mínimos esixibles.....	17
6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	18
6.3.4 Criterios de cualificación.....	18
6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	18
6.4 Medidas de recuperación.....	18
6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	18
6.4.2 Probas extraordinarias de setembro.....	18
6.5 Recursos didácticos.....	18
Curso: 2º G.E.	19
6.1 Obxectivos.....	19
6.2 Contidos.....	19
6.3 Avaliación.....	19
6.3.1 Criterios de avaliación.....	19
6.3.2 Mínimos esixibles.....	20
6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	20



6.3.4	Criterios de cualificación.....	20
6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	20
6.4	Medidas de recuperación.....	20
6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	20
6.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	20
6.5	Recursos didácticos.....	20
Curso: 3º G.E.		21
6.1	Obxectivos.....	21
6.2	Contidos.....	21
6.3	Avaliación.....	21
6.3.1	Criterios de avaliación.....	22
6.3.2	Mínimos esixibles.....	22
6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	22
6.3.4	Criterios de cualificación.....	22
6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	23
6.4	Medidas de recuperación.....	23
6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	23
6.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	23
6.5	Recursos didácticos.....	23
Curso: 4º G.E.		23
6.1	Obxectivos.....	23
6.2	Contidos.....	24
6.3	Avaliación.....	24
6.3.1	Criterios de avaliación.....	24
6.3.2	Mínimos esixibles.....	24
6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	25
6.3.4	Criterios de cualificación.....	25
6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	25
6.4	Medidas de recuperación.....	25
6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	25
6.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	25





6.5 Recursos didácticos.....	25
Curso: 1º G.P.	26
6.1 Obxectivos.....	26
6.2 Contidos.....	26
6.3 Avaliación.....	27
6.3.1 Criterios de avaliación.....	27
6.3.2 Mínimos esixibles.....	27
6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	27
6.3.4 Criterios de cualificación.....	28
6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	28
6.4 Medidas de recuperación.....	28
6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	28
6.4.2 Probas extraordinarias de setembro.....	28
6.5 Recursos didácticos.....	28
Curso: 2º G.P.	28
6.1 Obxectivos.	28
6.2 Contidos.....	29
6.3 Avaliación.....	29
6.3.1 Criterios de avaliación.....	29
6.3.2 Mínimos esixibles.	29
6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.....	30
6.3.4 Criterios de cualificación.	30
6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	30
6.4 Medidas de recuperación.....	30
6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios.....	30
6.4.2 Probas extraordinarias de setembro.....	30
6.5 Recursos didácticos.....	30
Curso: 3º G.P.	31
6.1 Obxectivos.....	31
6.2 Contidos.....	31
6.3 Avaliación.....	32





6.3.1	Criterios de avaliación.	32
6.3.2	Mínimos esixibles.....	32
6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	33
6.3.4	Criterios de cualificación.....	33
6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	33
6.4	Medidas de recuperación.....	33
6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	33
6.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	33
6.5	Recursos didácticos.....	33
Curso: 4º G.P.	34
6.1	Obxectivos.....	34
6.2	Contidos.....	34
6.3	Avaliación.....	35
6.3.1	Criterios de avaliación.....	35
6.3.2	Mínimos esixibles.....	35
6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	35
6.3.4	Criterios de cualificación.	35
6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	36
6.4	Medidas de recuperación.....	36
6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	36
6.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	36
6.5	Recursos didácticos.....	37
Curso: 5º G.P.	37
6.1	Obxectivos.....	37
6.2	Contidos.....	38
6.3	Avaliación.....	38
6.3.1	Criterios de avaliación.....	38
6.3.2	Mínimos esixibles.	39
6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.	39
6.3.4	Criterios de cualificación.....	39
6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	39





6.4	Medidas de recuperación.....	40
6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	40
6.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	40
6.5	Recursos didácticos.....	40
Curso: 6º G.P.	41
6.1	Obxectivos.....	41
6.2	Contidos.....	42
6.3	Avaliación.....	42
6.3.1	Criterios de avaliación.....	42
6.3.2	Mínimos esixibles.....	43
6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	43
6.3.4	Criterios de cualificación.....	43
6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.	43
6.4	Medidas de recuperación.....	43
6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	44
6.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	44
6.5	Recursos didácticos.....	44
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	45
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento..	51
9.	ANEXOS	52
9.1	Probas de acceso a 1º G.P.....	52
9.2	Probas de acceso a outros cursos.....	53
9.3	Criterios para a obtención do Premio Fin de grao.....	57
9.4,	Obras orientativas para o Premio Fin de Grao.....	58



1. **Introdución**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

A Comunidade Autónoma de Galicia estableceu o currículo do grao elemental das ensinanzas de música a través do Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establecen os currículos do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música, e o acceso aosdevanditos graos, en desenvolvemento do Real decreto 756/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen os aspectos básicos dos currículos dos graos elemental e medio das ensinanzas de música.

A experiencia alcanzada desde a promulgación do citado decreto, xunto co desenvolvemento da nova lei de educación, aconsellan establecer un novo marco normativo para a ordenación académica das ensinanzas elementais de música, que quedou establecido no Decreto 198/2007, do 27 de setembro, e para as ensinanzas profesionais de música, que quedou establecido no Decreto 203/2007, do 27 de setembro.

2. **Metodoloxía**

Principios pedagóxicos

Esta programación baséase na teoría constructivista, posto que é unha concepción que busca que cada alumno/a se desenvolva de acordo ás súas posibilidades e intereses e fomenta e impulsa a súa autonomía, xa que logo será el/ela quen deba dirixir a súa propia aprendizaxe cando non teña a figura do profesor/a.

Nesta experiencia individual que supón a aprendizaxe, o/a profesor/a ten unha función mediadora, é un guía, quen constrúe os significados, quen aprende ou non é o/a alumno/a, ninguén lle pode substituír neste labor. O/a profesor/a debe dar solucións concretas a problemas ou dificultades igualmente concretos, e en todo aquilo que teña un carácter máis

xeral, debe esforzarse en dar opcións e non en impoñer criterios, en orientar e non en conducir da man a uns resultados predeterminados. Debe tratar de estimular e ensanchar a receptividade, a capacidade de resposta do alumno/a ante o feito artístico, e debe tratar de impulsar a autonomía do alumno/a.

Os principios psicopedagóxicos constructivistas son:

1. Partir do nivel de desenvolvemento dos/as alumnos/as.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Que os/ás alumnos/ás realicen aprendizaxes significativas por si sós.
4. Modificar os esquemas de coñecemento.
5. Intensa actividade por parte do/a alumno/a.

Actividades didácticas programadas

O departamento deberá colaborar en todas as actividades académicas que programe o Centro, en especial no referente ás audicións e concertos (Nadal e Fin de Curso). Consideramos tamén como actividades todas as audicións internas e trimestrais que o profesor decida facer durante o curso, e na que intervirán todos os alumnos matriculados na materia.

Secuenciación de actividades. Dentro do grao ou curso

1. Coordinar os estudos musicais xunto cos demais profesores, para que a orientación que se ofrece na elección de materias optativas se adapte ás peculiaridades e preferencias do alumnado.
2. Fomentar e promover tanto a expresión como a técnica, cara a unha capacidade maior no desenvolvemento artístico.

3. Utilizar, como base do método educativo, a comprensión dos diferentes elementos utilizados e non a repetición destes, promovendo a creación musical baseada nos coñecementos adquiridos.
4. Educar na adopción de hábitos físicos, como prevención de dores e lesións, aplicados ao estudo.
5. Planificar e organizar a asistencia a actividades culturais (concertos, cursos, etc.)
6. Acomodar os contidos e a súa secuenciación ao momento e situación do desenvolvemento psicoevolutivo, de forma que a aprendizaxe sexa construtivo, progresivo e motivador, asimilando tanto contidos conceptuais como procedimentais e actitudinais, fortalecendo así a súa autonomía de traballo, no momento presente e a longo prazo.
7. Motivar para que participen activamente no estudo, sendo protagonistas da súa formación musical.
8. Considerar as características do alumnado, individual ou colectivamente, facilitando a integración e a colaboración no grupo, sen discriminación algunha.
9. Utilizar procedementos e recursos que estimulen a capacidade crítica-creativa do alumno, baseándose no diálogo e en argumentos razoados, para que adquiera estratexias propias de estudo e de realizacións musicais para poder superar as dificultades que se presenten no proceso de ensino.
10. Orientar na utilización de conceptos básicos.
11. Facilitar o coñecemento e emprego do código convencional da expresión ao mesmo tempo que a corrección e exactitude no uso da linguaxe, para que a aprendizaxe e a comunicación sexan efectivos.
12. Orientar ao alumno no seu camiño cara a unha perspectiva coa cal valorar as diferentes épocas históricas musicais.
13. Orientar ao alumno no seu camiño cara a unha futura profesionalización dos estudos que está realizando

Recursos e materiais didácticos

Os recursos didácticos son todo aquilo do que nos sirvamos para facilitar os procesos de ensino aprendizaxe. Utilizaranse tanto os materiais propiamente didácticos como calquera outro material que poida utilizarse con fins educativos.

1. Recursos persoais.

- O/a profesor/a: o/a mediador/a selecciona, organiza e planifica os estímulos variando a súa amplitude, frecuencia e intensidade, e transfórmaos en poderosos determinantes dun comportamento en lugar de estímulos ao chou.
- O/a alumno/a e a relación que se establece con el constitúen tamén un recurso de primeira orde.

2. Recursos ambientais.

- Unha aula insonorizada de mínimo 15 m², como establece o Real Decreto 389/1992 do 15 de Abril, que deberá dispoñer polo menos de: dous atrís, o mobiliario necesario, espello, encerado, piano, reprodutor de música.

3. Recursos materiais.

- Instrumentos (óboe e corno inglés) e accesorios necesarios para a confección de canas(navalla, mandril, tudeis, palas...), metrónomo, afinador, partituras, material bibliográfico e discográfico.
- Diario de aula

Organización espazo-tempo

Esta programación está desenvolvida para un curso académico delimitado polo calendario escolar oficial nunha sesión semanal de carácter individual e cunha duración dunha hora.

O curso académico divídese en tres avaliacións, dunhas dez semanas de duración cada unha, nas cales se aumentará de xeito gradual a dificultade dos contidos.

En liñas xerais, comezarase a clase co traballo técnico para posteriormente dar paso ao traballo de estudos e obras. Este esquema de traballo é moi recomendable na organización do tempo de estudo do alumno/a.

Actividades complementarias e extraescolares

Consistirán principalmente na asistencia por parte do alumnado a audicións, ensaios co/a pianista acompañante, cursos e concertos.

Audicións

Son de carácter obrigatorio. Organizaranse distintas audicións ao longo do curso en colaboración cos distintos departamentos, especialmente co de vento-madeira, e principalmente audicións de óboe. Realizarase como mínimo unha audición por trimestre no auditorio do centro, podendo realizarse outras audicións tanto no auditorio coma na aula. Ademais tamén poderán realizarse fóra do centro.

As audicións serán tanto individuais como en grupo e, por suposto, tamén coa colaboración do/a pianista acompañante do centro.

Poderanse facer tamén audicións colectivas de técnica, estudos e obras en cada avaliación dentro da aula, tendo que superar as tres partes para aprobar a avaliación.

Como mínimo esixírase a participación do alumno en dúas audicións ao ano, unha delas obrigatoriamente con piano.

Ensaio con piano

Tamén son de carácter obrigatorio. As obras traballadas durante o curso deberán ser ensaiadas co/a pianista acompañante.

No Grao Profesional e 4º de Grao Elemental realizaranse como mínimo tres ensaios por trimestre para poder participar nunha audición, sen ser necesaria a asistencia do/a profesor/a a estes. Estes ensaios serán independentes da súa clase de óboe (podendo igualmente o/a profesor/a requirir a presenza do/a pianista na súa clase).

Cursos

De recomendada asistencia. Valorarase positivamente a asistencia ós distintos cursos que organice o departamento de óboe durante o ano académico, e a outros organizados tanto polos outros departamentos como fóra do conservatorio.

Concertos

Tamén de recomendada asistencia. Será valorada positivamente a asistencia ós distintos concertos organizados no auditorio do centro. Ademais informarse ós/ás alumnos/as dos concertos que se consideren de especial importancia para a súa formación organizados tanto dentro como fóra do centro.

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade cobrou grande importancia sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral, non obstante, o ensino musical, impartido en clases individuais, permite adaptar a metodoloxía ás características diversas de cada alumno/a. Por isto, esta programación é flexible e individualizada, e deberase adaptar ao alumnado con necesidades educativas específicas.

As adaptacións están dirixidas a:

- **Alumnos/as con altas capacidades intelectuais.**

Este tipo de alumnos/as require dunha adecuación da programación por ampliación, é dicir, ampliando os obxectivos, contidos e criterios de avaliación á súa capacidade.

- **Alumnos/as con dificultades manifestadas de aprendizaxe.**

Poderán ser por problemas físicos ou psíquicos. Os/as alumnos/as con dificultades manifestadas de aprendizaxe requiren dunha adecuación da Programación por reforzo, é dicir, reforzando aqueles apartados nos que os/as alumnos/as presenten dificultades.

- **Alumnos/as con dificultades de adaptación social.**

Para os/as alumnos/ás con dificultades de adaptación social, realizaranse actuacións de compensación educativa, respecto ao seu acceso, permanencia e promoción no sistema educativo.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

Os temas transversais son temáticas que deben tratarse no sistema educativo e en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero que non conforman unha materia de estudio concreta, e ó mesmo tempo deben ser tratados en todas as materias do currículo. Constarán como temas transversais relacionados coa educación en valores os seguintes:

- “Educación moral e cívica”.

Promoveranse actitudes de tolerancia e respecto tanto coa realización de exercicios en grupo como individuais.

- “Educación para a paz”.

Animarase a unha convivencia harmónica vendo as repercusións positivas da Música no mundo.

- “Educación para a saúde e a calidade de vida”.

A través do óboe mostrarse como unha posición corporal correcta e a práctica da respiración diafragmática, contribúen a mellorar a calidade de vida e a coida-la nosa saúde.

- “Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos”.

Fomando grupos mixtos, inculcando valores de igualdade, e levando a cabo actuacións que non creen ningún tipo de diferenza entre sexos.



4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A constante presenza das TIC´s no mundo actual, fai importante tamén a presenza das mesmas na aula. Así, aproveitaremos os recursos dispoñibles para explorar e dar a coñecer ó alumnado as posibilidades que nos proporcionan os distintos medios tecnolóxicos dispoñibles no centro (Internet, gravación, edición de son, edición de partituras, acceso a partituras de dominio público...)

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

- Participación nas audicións de alumnos que se realicen durante o curso.
- Participación nos cursos, intercambios e demais actividades que se programen durante o curso.
- Asistencia a concertos tanto dentro como fóra do centro.

6. Secuenciación do curso (por cursos)

1º G. E.

6.1. OBXECTIVOS

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento.
- Controlar a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Conseguir unha correcta colocación da cana na boca.
- Acadar a presión necesaria coa columna de aire para lograr emitir ca cana o si, o do e o do#.



- Adquirir unha posición axeitada de mans e dedos que permita iniciar e máis tarde desenrolar os reflexos que permiten un desenrolo correcto do mecanismo.
- Espertar no alumno interese polo estudo, inculcando hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Coñecer algunhas das posibilidades e características do instrumento.
- Empregar uns hábitos correctos en canto á limpeza, o coidado e o mantemento do instrumento e da cana.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o desenrolo da afinación e a evolución continua da calidade do son.
- Executar pequenas melodías no primeiro rexistro do instrumento.
- Respetar os diferentes criterios dos **compañeiros**, tanto en música coma en calquera outra esfera do pensamento.
- Valorar a música de conxunto coma un aspecto fundamental na formación musical.

6.2.CONTIDOS

- Práctica da relaxación e respiración para o desenrolo da capacidade pulmonar, con diversos exercicios deitados, sentados e de pé.
- Fortalecemento dos músculos faciais e abdominais con exercicios de cana e instrumento (notas longas e sostidas controlando afinación, son e dosificación do aire).
- Exercicios de vocalización ca cana, emitindo ata un do#, para acadar unha correcta emisión, afinación e calidade do son.
- Exercicios de iniciación ó mecanismo baseados en tetracordos.
- Emisión do son en diferentes dinámicas e alturas.

- Exercicios de mecanismo e articulación baseados en exercicios de extensión, nas tonalidades de Do maior, Fa maior e Sol maior a diferentes velocidades.
- Traballo en clase sobre a aprendizaxe de pasaxes difíciles para inculcar técnicas de estudo eficaces e adaptadas para cada alumno.
- Adquisición de hábitos correctos para unha montaxe, limpeza e mantemento adecuados do instrumento.
- Desenrolo da sensibilidade auditiva.
- Memorización de pequenas pasaxes melódicas.
- Traballo de conxunto na clase colectiva.

6.3. AVALIACIÓN

6.3.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Emitir ca cana si, do e do#. Con este criterio se avalía a presión que se precisa para acadar unha correcta afinación e un bo timbre no instrumento.
- Emitir un son estable en afinación e timbre durante tres redondas e con notas de distintos rexistros, cunha velocidade de negra igual a 60. Con este criterio se pretende comprobar o control do aire mediante a respiración diafragmática, a gorxa, lingua e embocadura, e a capacidade pulmonar.
- Executar a escala de Do, Fa e Sol maiores ata o Sol agudo, así como os exercicios de extensión, en diferentes articulacións, sobre os tetracordos das mesmas tonalidades a unha velocidade de negra igual a 120. Con este criterio se avalía a correcta posición do corpo, instrumento e dedos, así como a sincronización da lingua co mecanismo.

6.3.2. MINIMOS ESIXIBLES

- Escalas maiores e menores ata unha alteración, de memoria, cos seus arpexios e con diferentes articulacións, ata o sol agudo.



- Estudios: “Oboenschüle Band I” (1-141) ou “Aprende tocando el oboe” (1-12).
- Obras: pequenas pezas populares que o/a profesor/a considere apropiadas.

6.3.3. PROCEDIMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA
(Véxase o punto 7)

6.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

6.4.1. PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS (Véxase o punto 7)

6.4.2. PRBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (Véxase o punto 7)

6.5. RECURSOS DIDÁCTICOS (Véxase tamén o punto 2)

Bibliografía

- Bettina Doemens: “Oboenschüle Band I e II” (Ed. Schott)
- Bettina Doemens: Spielbuch 1 zür Oboenschüle (Ed. Schott)
- Peter Wastall: “Aprende tocando el oboe”.
- Crozzoli: Le prime lezioni di oboe (Ed. Ricordi)
- The Boosey Woodwind Method vol. I (Ed. Boosey&Hawkes)
- Pequenas pezas populares e infantís.



2º G.E.

6.1. OBXECTIVOS

- Potenciar os músculos que interveñen na respiración diafragmática, na formación da embocadura, a flexibilidade da gorxa e a lingua para unha maior eficacia no control e dosificación do aire.
- Afianzar a correcta posición do corpo e o instrumento.
- Insistir na presión sobre a columna do aire para mellorar o timbre e a afinación.
- Iniciar ó alumno co proceso de atado das canas.
- Desenrolar a sensibilidade auditiva que permita a evolución continua dun bo son e afinación.
- Estimular ó alumno no referente ó interese polo estudo do óboe.
- Adquirir elasticidade nos saltos de intervalos e cambios de rexistro.
- Valorar o silencio como medio eficaz para o rendemento do traballo individual e colectivo.
- Respetar os criterios dos demais.
- Adquirir técnicas de estudo correctas e eficaces.
- Interpretar un repertorio básico e progresivo de estudos e pezas solo e con acompañamento de piano.
- Iniciar ó alumno na estrutura musical : Motivos, frases, cadencias, etc.
- Interpretar en público.

6.2. CONTIDOS

- Desenrolo do mecanismo e da articulación.
- Evolución na elasticidade, homoxeneidade e calidade do son e a afinación, especialmente nos saltos de intervalos e cambios de rexistro.

- Iniciación ás dinámicas.
- Adquisición de técnicas eficaces de estudo para lograr unha autonomía no traballo e valorar o rendemento persoal.
- Afinación, ritmo e sincronización en conxunto.
- Iniciación ó atado de canas.
- Audicións en clase e asistencia a concertos para desenrolar a sensibilidade musical e estética.
- Memorización de pequenas pasaxes.
- Exercicios baseados na escala cromática, en notas longas, ascendente e descendente.
- Estudo de pasaxes especialmente dificultosos.
- Traballo de conxunto na clase colectiva.

6.3. AVALIACIÓN

6.3.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Executar escalas con dúas alteracións propias e máis a escala cromática ata o Do agudo. Con este criterio se comproba o mecanismo e a elasticidade.
- Realizar exercicios de extensión con diferentes articulacións a 80 a negra. Se trata de constatar se o alumno articula de maneira clara e precisa.
- Interpretar estudos e pequenas obras, para comprobar a capacidade do/a alumno/a para interpretar con correcta afinación, calidade tímbrica e expresión musical.
- Atar canas. Se comproba a habilidade do/a alumno/a no inicio da elaboración das súas canas.

6.3.2. MÍNIMOS ESIXIBLES



- Escalas maiores e menores ata dúas alteracións e cromática, de memoria, cos seus arpexios e con diferentes articulacións, ata o do agudo.
- Estudos: “Oboenschüle Band I”, (141-186) ou “Aprende tocando el oboe” (13-24).
- Obras: pequenas pezas adaptadas ó nivel do/a alumno/a que o/a profesor/a considere apropiadas.

6.3.3. PROCEDIMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA
(Véxase o punto 7)

6.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

6.4.1. PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS (Véxase o punto 7)

6.4.2. PRBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (Véxase o punto 7)

6.5. RECURSOS DIDÁCTICOS (Véxase tamén o punto 2)

Bibliografía

- Peter Wastall: “Aprende tocando el oboe”.
- Bettina Doemens: “Oboenschüle Band I e II” (Ed. Schott)
- The Boosey Woodwind Method for oboe vol. I (Ed. Boosey&Hawkes)
- Giampieri: “Método progresivo” (Ed. Ricordi)
 - Adaptación de pequenas formas barrocas, clásicas, románticas, etc.
 -



3º G.E.

6.1. OBXECTIVOS

- Afianzar a correcta posición do corpo e o instrumento.
- Insistir na presión sobre a columna do aire para mellorar o timbre e a afinación.
- Practicar escalas e arpexios, maiores e menores nas tonalidades de ata tres alteracións propias.
- Practicar exercicios de extensión en terceiras e cuartas nos modos maior e menor e nas tonalidades de ata dúas alteracións.
- Adquirir técnicas de estudo correctas e eficaces.
- Continuar ca aprendizaxe do proceso de atado das canas e iniciar ó alumno na técnica de emprego da navalla para o rebaixado das mesmas.
- Axilizar o mecanismo e a articulación.
- Ampliar a gama dinámica.
- Ampliar o repertorio con diferentes estilos musicais.
- Practicar a lectura a primeira vista.

6.2. CONTIDOS

- Axilización do mecanismo, elasticidade e homoxeneidade do son.
- Axilización das distintas articulacións.
- Enriquecemento da gama dinámica.
- Adquisición dunhas técnicas de estudo correctas e eficaces.
- Ampliación do repertorio de obras de distintos estilos.
- Lectura a primeira vista.

- Inicio do proceso de raspado de canas.
- Actuacións en público.
- Memorización de pequenas pezas.
- Traballo de conxunto na clase colectiva.

6.3. AVALIACIÓN

6.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Executar escalas e exercicios de extensión nas tonalidades practicadas e máis a escala cromática.
- Interpretar pequenos estudos e obras de diferentes estilos, algunha delas de memoria.
- Interpretar obras en grupo adaptándose ó conxunto en empaste, afinación, articulación e respectando tódolos criterios establecidos nas clases.
- Ler pasaxes a primeira vista.
- Participar, como mínimo, nunha das audicións de alumnos con público previstas ó longo do curso.
- Saber atar as canas con autonomía e aprender as primeiras fases do raspado.

6.3.2. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Escalas maiores e menores ata tres alteracións e cromática, de memoria, cos seus arpexios e con diferentes articulacións ata o re sobreagudo.
- Estudos: J. Sellner 2º vol. (Do M, Fa M e Sol M) e A.M.R. Barret, 3º vol. (1-15).
- Obras: interpretaranse polo menos tres de distintos estilos, unha delas de memoria (poderán ser escollidas de entre as propostas e do libro de B. Doemens).

6.3.3. PROCEDIMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN (Véxase o punto 7)



6.3.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA (Véxase o punto 7)

6.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

6.4.1. PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS (Véxase o punto 7)

6.4.2. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (Véxase o punto 7)

- **6.5. RECURSOS DIDÁCTICOS** (Véxase tamén o punto 2)

Bibliografía

• **Métodos e estudos:**

- Bettina Doemens: Spielbuch 2 zur Oboenschule (Ed. Schott)
- J. Sellner "A técnica do óboe", 2º vol. (ata dúas alteracións).(Ed. Billaudot)
- A.M.R. Barret, 3º vol. (1-10). (Ed. Alphonse Leduc)
- The Boosey Woodwind Method vol II (Ed. Boosey&Hawkes)

• **Obras:**

- J.S. Bach. Scherzetto.
- J.F. Handel. Célebre largo.
- C. Saint-Saens: Le Cygne
- J. P. Rameau. Gavote.
- E. Grieg. 9 Norwegian folksongs for oboe and piano.
- G. Jacob. An 80th birthday card for Léon Goosens.
- G. Jacob. 4 Interludios
- C. Franck. Peza V



4º G. E.

6.1. OBXECTIVOS

- Afianzar o control da columna de aire
- Traballar son e afinación.
- Practicar escalas e arpexios, maiores e menores, nas tonalidades con catro alteracións propias chegando a abarcar o rexistro que abrangue dende o si bemol grave ata o re sobreagudo.
- Practicar exercicios de extensión en terceiras e cuartas, nos modos maior e menor, nas tonalidades con catro alteracións.
- Interpretar estudos acordes ó nivel.
- Interpretar obras de estilos diferentes con acompañamento de piano e con público.
- Capacitar o/a alumno/a das destrezas necesarias para que sexa capaz de confeccionar canas para estudo supervisadas polo profesor.

6.2. CONTIDOS

- Evolución do mecanismo, elasticidade, homoxeneidade e calidade do son nas distintas tonalidades.
- Execución de escalas, arpexios e exercicios sobre as tonalidades de ata 4 alteracións.
- Interpretación de estudos e obras programados para este nivel.
- Mentalización e preparación para a proba de acceso ó Grao Profesional para chegar a ela con seguridade e posibilidades de éxito.
- Confección de canas.
- Traballo de conxunto na clase colectiva

6.3. AVALIACIÓN

6.3.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Executar escalas, arpeixos e exercicios de extensión.
- Interpretar estudos e obras (tamén de memoria) de diferentes estilos, con acompañamento de piano.
- Ler a primeira vista con soltura pasaxes e pequenas obras e/ou estudos adaptados ó grao de dificultade do curso.
- Participar, como mínimo, nunha das audicións de alumnos con público previstas ó longo do curso.
- Facer unha cana para o estudo propio.

6.3.2. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Escalas maiores e menores ata catro alteracións, de memoria, cos seus arpeixos e con diferentes articulacións ata o mi sobreagudo.
- Estudos: J. Sellner 2º vol. (ata tres alteracións) e A.M.R. Barret, 3º vol. (11-20).
- Obras: interpretaranse polo menos tres obras de distintos estilos, unha delas de memoria.

6.3.3. PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA
(Véxase o punto 7)

6.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

6.4.1. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS (Véxase o punto 7)

6.4.2. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (Véxase o punto 7)



6.5. RECURSOS DIDÁCTICOS (Véxase tamén o punto 2)

Bibliografía

• Estudios:

- J. Sellner, 2º vol. (ata catro alteracións).(Ed. Billaudot)
- Giampieri: “Método progresivo” (Ed. Ricordi)
- A.M.R. Barret, 3º vol. (11-20).(Ed. Alphonse Leduc)
- The Boosey Woodwind Method vol. II (Ed. Boosey&Hawkes)

• Obras:

- Corelli- Barbirolli. Concerto en Fa maior
- Marcello. Largo e Allegretto.
- C. Frank. Piece V.
- G.Pierné. Piece
- A. Ameller. Sonatina.
- E. Bozza: Air de Vieille
- G. Jacob: 4 Interludes
- E. Grieg: 9 Norwegian folksongs for oboe and piano

1º G.P.

6.1. OBXECTIVOS

- Conseguir que o timbre do óboe sexa dunha calidade acorde ó nivel.
- Desenrolar os reflexos que permitan corrixir a afinación.
- Aumentar a gama dinámica e traballar a emisión en cada unha delas.
- Conseguir un mecanismo máis fluído.

- Aumentar a extensión do óboe cara o rexistro agudo.
- Exercitar as diferentes articulacións e a interpretación destas nos diferentes estilos.
- Practicar o raspado de canas.

6.2. CONTIDOS

- Realización de notas largas e pasaxes lentas para que o/a alumno/a poida traballar con maior atención o son.
- Traballaranse as posibilidades que ten o instrumento para variar a afinación das notas conseguindo que o alumno teña recursos suficientes para corrixir a afinación.
- Práctica das notas máis agudas.
- Práctica das diferentes dinámicas e articulacións para lograr unha maior riqueza na interpretación.
- Introducir fragmentos máis extensos e complexos en canto a forma, co fin desenrolar a memoria.
- Adquisición de coñecementos sobre o raspado de canas que permiten ó/a alumno/a corrixir nas súas canas o son, a afinación, a emisión, etc.

6.3. AVALIACIÓN

6.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O/a alumno/a deberá mostrar tanto nos estudos como nas obras programadas:

- Un son controlado e de calidade, boa emisión nas diferentes dinámicas, diferenciación das diferentes articulacións (segundo os estilos), mostrar unha certa soltura nos dedos e unha mellor interpretación acorde coas diferentes épocas e estilos.
- O/a alumno/a deberá ser capaz de confecciona-las súas canas para o seu estudo ata o comezo da fase de raspado.

6.3.2. MÍNIMOS ESIXIBLES



- Os mínimos esixibles correspondentes a cada avaliación son os seguintes:

	<i>1ª AVALIACIÓN</i>	<i>2ª AVALIACIÓN</i>	<i>3ª AVALIACIÓN</i>
TÉCNICA	CROMÁTICA ESCALAS, ARPEXIOS E INTERVALOS ATA 2 ALTERACIÓNS	CROMÁTICA ESCALAS, ARPEXIOS E INTERVALOS CON 3E ALTERACIÓNS	CROMÁTICA ESCALAS, ARPEXIOS E INTERVALOS ATA 4 ALTERACIÓNS
ESTUDIOS	SALVIANI (DoM – FaM) BARRET (5 estudos)	SALVIANI(Sol M-SibM) BARRET (5 estudos)	SALVIANI (SibM - ReM) BARRET (5 estudos)
OBRAS	1 OBRA	1 OBRA	1 OBRA

6.3.3. PROCEDIMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Véxase o punto 7)

6.3.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA (Véxase o punto 7)

6.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

6.4.1. PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS (Véxase o punto 7)

6.4.2. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (Véxase o punto 7)

6.5. RECURSOS DIDÁCTICOS (Véxase tamén o punto 2)

- **Técnica:**



